

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vistos os escritos do Club Xadrez Fontecarmoa no que solicita, autorización do uso do Recinto de Fexdega e a colaboración da Fundación de Deportes, para a celebración do Campionato Provincial de Xadrez, que se levará a cabo o vindeiro días 18, 19, 25 e 26 do presente mes, en horario de mañá e de tarde. Así como, a cesión do material que a continuación se indica:

- 60 mesas e 200 cadeiras.
- Equipos de Son.
- Publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello.

Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao Club Xadrez Fontecarmoa o uso do Recinto de Fexdega con motivo da celebración do Campionato Provincial de Xadrez que se levará a cabo os vindeiros días 18, 19, 25 e 26 do presente mes, en horario de mañá e de tarde.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a cesión de da publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello, e que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo.Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- . Servizo de Obras, a cesión de 60 mesas e 200 cadeiras.
- . Servizo do Auditorio, a cesión dous equipos de son.

5.- Faise constar que o ser unha competición oficial, os participantes na citada actividade xa contan con Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil ao tratarse dunha actividade federada e estar federados na Federación Galega de Xadrez.

6.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

7.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dezasete de xaneiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado polo CLUB SAN MARTIN, no que solicita autorización de uso de diversas instalacións deportivas os días que a continuación se indican para a dos TORNEOS RAMIRO CARREGAL SOCCER CUP SUB 16 MASCULINO E SUB 12 FEMININO:

- **IV TORNEO SOCCER CUP SUB 16 MASCULINO**

INSTALACIONES

DIAS

Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán

18, 19 e 20/04/2025

Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do

Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa

19 e 20/04/2025

- **II TORNEO SOCCER CUP SUB 12 FEMININO**

INSTALACIONES

DIAS

Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán

30 e 31/05/2025

01/06/2025

Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao CLUB SAN MARTIN, o uso diversas instalacións deportivas os días que a continuación se indican para a celebración da Fase Previa dos TORNEOS RAMIRO CARREGAL SOCCER CUP SUB 16 MASCULINO E SUB 12 FEMININO:

- **IV TORNEO SOCCER CUP SUB 16 MASCULINO**

INSTALACIONES

DIAS

Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán

18, 19 e 20/04/2025

Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do

Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa

19 e 20/04/2025



- **II TORNEO SOCCER CUP SUB 12 FEMININO**

INSTALACIONES

Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán

DIAS

30 e 31/05/2025

01/06/2025

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

4.- Indicar que o citado Club previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos presentou a seguinte documentación:

4.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para o evento.

4.2) Aportouse un compromiso escrito, de xeito pomenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

4.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pomenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) A póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento, ou no seu caso o certificado da federación correspondente conforme o evento e de carácter oficial e os participantes están cubertos polas licenzas deportivas, así como os

deportistas que veñan doutras Comunidades Autónomas.

No caso de equipos extranxeiros, deberán presentar o seguro de accidentes correspondente.

5.2) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

5.3) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

6.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

7.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, vinte de xaneiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto a proposta do Sr Presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva en relación a adxudicación da xestión indirecta da actividade de Ximnasia Acuática (meses de xaneiro, febreiro e marzo ano 2025) ofertada no 2º Curso de Actividades Físico-Deportivas para Adultos conforme PROXECTO DE ACTIVIDADES FISICO DEPORTIVAS DE ADULTOS, curso 2024/2025, segundo o presuposto presentado pola empresa SERVIOCIO CULTURA E RECREACIÓN, S.L., por importe total de 985,32 € por 36 sesións (sendo o custo total da sesión e de 27,37 €/sesión).

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.-Adxudicar á empresa SERVIOCIO CULTURA E RECREACIÓN, S.L., a xestión indirecta da actividade de Ximnasia Acuática (meses de xaneiro, febreiro e marzo ano 2025) ofertada no 2º Curso de Actividades Físico-Deportivas para Adultos conforme PROXECTO DE ACTIVIDADES FISICO DEPORTIVAS DE ADULTOS, curso 2024/2025, a través dun Contrato Menor de Servizos, por importe total de 985,32 € por 36 sesións (sendo o custo total da sesión e de 27,37 €/sesión), con cargo á partida 342-226,09.

3.- Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a traves da Plataforma do Estado FACE:

DIR 3: FUNDACIÓN DE DEPORTES	
OC: LA0003309	INTERVENCIÓN DELEGADA
OG: LA0003309	PRESIDENCIA
UT: LA0003309	ADMINISTRACIÓN

(Recoméndase que estos códigos figuren xunto cos datos identificativos da Fundación de Deportes: Fundación de Deportes Concello de Vilagarcía de Arousa – P8660001B
Praza Ravela nº 1
36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. Presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e un de xaneiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito pola ASOCIACIÓN DE DISMINUÍDOS PSÍQUICOS CON ELES, no que solicita autorización de uso das pistas de tenis nº 2 e 3 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para poder levar a cabo o desenvolvemento da actividade deportiva de tenis enmarcado no seu programa deportivo de Special Olympics, os mércores en horario de 10:00-11:00 e 12:00-13:00 horas ata o mes de xuño do ano 2025. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar á ASOCIACIÓN DE DISMINUÍDOS PSÍQUICOS CON ELES, o uso das pistas de tenis nº 2 e 3 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para poder levar a cabo o desenvolvemento da actividade deportiva de tenis enmarcado no seu programa deportivo de Special Olympics, os mércores en horario de 10:00-11:00 e 12:00-13:00 horas ata o mes de xuño do ano 2025.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlles que a cesión das instalacións durante toda a tempada é exclusivamente para a actividade autorizada, non podendo ser utilizado para calquera outra actividade. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e

Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

5.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e tres e un de xaneiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente relativa á necesidade de levar a cabo contratación do servizo de asistencia técnica on-line para levar a cabo o peche contable do exercicio 2024 da da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, presentando presuposto a empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U B-41632332 (empresa adxudicataria do contrato de asistencia técnica para o peche da contabilidade do exercicio do 2024 do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, aprobado por Xunta de Goberno Local 20/01/2025 nas mesmas condición que se aprobaron na citada Xunta) por importe total de 1.391,50 € (I.V.E. engadido).

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U B-41632332, o servizo de asistencia técnica on-line para levar a cabo o peche contable do exercicio 2024 da da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe de 1.391,50 € (I.V.E. engadido), con cargo á partida 342-227,9900.

2.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a traves da plataforma do estado FACE:

DIR 3: FUNDACIÓN DE DEPORTES	
OC: LA0003309	INTERVENCIÓN DELEGADA
OG: LA0003309	PRESIDENCIA
UT: LA0003309	ADMINISTRACIÓN

(Recoméndase que estos códigos figuren xunto cos datos identificativos da Fundación de Deportes: Fundación de Deportes Concello de Vilagarcía de Arousa – P8660001B
Praza Ravela nº 1
36600 Vilagarcía de Arousa
Pontevedra)

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, vinte e sete de xaneiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vistos os escritos do Club Arousa Bike BTT no que solicita o que a continuación se indica pola celebración da proba 3 HORAS DE RESISTENCIA incluída na Copa Galicia de resistencia BTT da Federación Galega de Ciclismo e sendo esta unha proba de carácter solidario coa Asociación Española Contra o Cancro, que se vai levar a cabo o vindeiro día 9 de febreiro do presente ano en horario de mañá:

- Coorganización do evento entre o devandito Clube e a Fundación de Deportes.
- Colaboración da Policía Local durante a saída e a chegada dos participantes durante o desenvolvemento da proba.
- Colaboración do da Concellería de Seguridade Cidadá e de Protección Civil co servizo de ambulancia, así como durante o desenvolvemento da proba.
- Cesión de 3 carpas, 5 mesas, 100 valadas para pechar 15 m de recinto, rolos de balizaxe e 2 hidrolimpadoras.
- Servizo de dúas ambulancias medicalizadas.
- Autorización de uso da escola unitaria de Castragudín para a organización.
- Concesión de 60 trofeos para os 3 primeiros clasificados das diferentes modalidades.

Así como vistos os informes do Director Deportivo en Relación ao Asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Remitir a solicitude do Club Arousa Bike BTT de autorización da proba 3 HORAS DE RESISTENCIA incluída na Copa Galicia de resistencia BTT da Federación Galega de Ciclismo e, que se vai levar a cabo o vindeiro día 9 de febreiro do presente ano en horario de mañá á Xunta de Goberno Local, así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a

emisión do correspondente informe previa a súa aprobación, se procede.

Indicarlle que non é posible a coorganización do evento dado que nos permisos presentados polo Clube da Consellería de Medio Rural, da Comunidade de montes e da Federación Galega de Ciclismo, aparece como único organizador do evento o citado Club.

2.- Aprobar a cesión do arco hinchable, publicidade institucional, rolos de balizaxe e 2 hidrolimpadoras para a celebración do devandito evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xomada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

3.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, a cesión dun palco con dúas rampas, cesión de 100 valadas para 15 m de recinto, 5 mesas, 3 carpas e 8 cadeiras.
- Departamento da Policía Local, a colaboración coa súa presenza durante a saída e chegada dos participantes durante o desenvolvemento da proba.
- Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a súa colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil co servizo de ambulancia e persoal durante o desenvolvemento da proba.

Indicarlle que non é posible acceder a cesión do servizo de ambunacia medicalizada e a o avituallamento, dado que se entende que es un gasto que lle corresponde asumir a o organizador do evento, e que son uns gastos susceptibles de subvención dentro da Subvención de Organización de Actividades Extraordinarias que promove a Fundación de Deportes.

5.- Conceder 78 trofeos para a entrega de premios aos 3 primeiros clasificados das diferentes categorías, xa que 60 quedarían escasos dado que as categorías son de dobres (maculina e feminina), solicitando presuposto a empresa DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. por importe de 657,80 € (IVE engadido).

Así como, dado que se trata dunha proba solidaria, entragaraselle a todos os

participantes unha mochila de agasallo que se adquirira á Asociación Española Cotra o Cancro en colaboración coa mesma, solicitando presuposto a devandita asociación por importe de 1.625,00 € (IVE engadido).

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para o evento.

Faise constar que o clube presenta o certificado da Federación Galega de Atletismo que autoriza a celebración do evento.

7.2) Indicar que o Clube xa presentou opemiso da Consellería de Medio Rural e o da Comunidade de montes que autorizan a celebracion do evento.

7.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pomenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

7.5) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos

durante o desenvolvemento da devandita actividade Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

8.- Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

9.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trinta e un de xaneiro de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravela, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es